



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de
fin de grao

O sector lácteo en
Galicia: dinámica
recente e perspectivas
nun mercado
liberalizado

Diego Gómez Méndez

Xuño 2016

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da
Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Economía

Resumo

O traballo divídese en tres grandes apartados un primeiro no cal se aborda cal é o peso do sector lácteo, sector produtor máis industria, na economía galega aportando os datos de Valor Engadido Bruto (VEB) e emprego, a súa vez estes datos serán comparados cos datos a nivel estatal. Na importancia que hoxe ten o sector lácteo en Galicia tivo unha influencia moi importante a Política Agraria Común (PAC), polo cal se abordara brevemente cal foi a súa evolución e como esta afectou o sector. O segundo apartado está dedicado a estudar cal é a situación do sector produtor, definindo cal é a estrutura produtiva das explotacións en Galicia, analizando as problemáticas que presenta e as súas posibles solucións. Neste apartado tamén se inclúe unha comparativa de Galicia como rexión produtora tanto a nivel nacional coma europeo, vendo deste xeito que a nosa Comunidade é unha das rexións lácteas máis importantes a nivel europeo. Por último no terceiro apartado analízase a situación da industria láctea galega. Para isto estúdanse as principais variables da mesma, VEB, emprego, volume de vendas, a partires deste análise comparativo coa industria española e europea, dedúcense cales son os principais problemas desta en Galicia: debilidade da industria transformadora, en contraste cun sector transformador moi potente e especialización en produtos de baixo valor engadido, (leite envasado). Unha vez analizados os problemas do sector transformador propóñense algunhas solución que van na liña de diversificar a produción da industria cara a elaboración de produtos de maior valor engadido. A extensión do traballo é de 9.993 palabras.

Índice

Resumo	2
Índice	3
Índice de táboas	4
Índice de gráficos e mapas	6
Introdución	7
Planificación	9
Desenvolvemento do traballo	12
1. O peso do complexo lácteo na economía galega	12
2. O sector lácteo en Galicia: relevancia e principais características	13
2.1 A evolución da PAC e a súa influencia no sector lácteo.....	13
2.2. Galicia como rexión produtora de leite no contexto europeo	14
2.3. Galicia como primeira zona produtora a nivel estatal.....	15
2.4 Estrutura produtiva das explotacións lácteas galegas; os retos derivados da desaparición das cotas e outros cambios recentes no contexto	17
3. A industria láctea en Galicia: magnitudes básicas, estrutura e especialización	23
3.1 A industria láctea a nivel europeo	23
3.2 A industria láctea en España e a posición de Galicia no contexto español	24
3.2.1. A industria láctea en España	25
3.2.2. Panorama da industria láctea galega no contexto español.....	28
3.3 A industria láctea galega: evolución, características e debilidades	31
3.3.1 Evolución das variables básicas da industria láctea en Galicia 2000-2013.....	31
3.3.2 O tecido da industria láctea en Galicia	32
3.3.3 Situación actual da industria láctea e perspectivas ante o novo panorama sen cotas	35
Conclusiones e ampliación	39
Bibliografía	41

Índice de táboas

Táboa 1: Relevancia do sector lácteo na economía de Galicia (En miles de euros)...	12
Táboa 2: Peso do sector produtor e industria en Galicia e España.	13
Táboa 3: Produción das principais rexións produtoras de leite a nivel europeo.	15
Táboa 4. Número de explotacións lácteas en Galicia por provincias 2014	16
Táboa 5. Produción de leite en Galicia e España 2007-2014.....	16
Táboa 6 Explotacións lácteas e produción en Galicia e España no ano 2013	16
Táboa 7. Volume de produción da industria láctea na UE e nalgúns Estados membros 2014	23
Táboa 8. Emprego da industria láctea na UE 2013.....	23
Táboa 9. Principais empresas lácteas en Europa. Datos referidos a 2012	24
Táboa 10. Principais datos da industria láctea española 2013.....	25
Táboa 11. Produtos obtidos polas industrias lácteas en España e na UE 2009	25
Táboa 12. Evolución das principais variables económicas da industria láctea española (2010-2013).....	26
Táboa 13. Comercio exterior de produtos lácteos (España).	26
Táboa 14. Principais empresas lácteas en España 2013.....	28
Táboa 15. Ventas netas das industrias lácteas por CC.AA. 2013.....	28
Táboa 16. Produción de leite por CC.AA. 2014.....	29
Táboa 17. VEB da industria láctea por CC.AA. 2013	30
Táboa 18. Número de ocupados da industria láctea por CC.AA. 2013.	30
Táboa 19. Principais variables da industria láctea galega e española 2013.....	31
Táboa 20. Evolución das principais variables da industria láctea en Galicia 2000-2013	32
Táboa 21. Principais produtos fabricados pola industria láctea galega 2011.	34
Táboa 22. Comercio exterior de produtos lácteos Galicia 2011.....	34
Táboa 23. Comercio exterior de Galicia: principais produtos lácteos 2011.....	35

Táboa 24. Principais industrias lácteas en Galicia por volume de vendas 2014 35

Índice de gráficos e mapas

Gráfico 1. Evolución da produción de leite en Galicia 1994-2013.....	17
Gráfico 2. Evolución do número de explotacións lácteas en Galicia e España 1997-2015	18
Gráfico 3. Evolución dos prezos do leite, pensos, fertilizantes e enerxía en España (2010=100).....	20
Gráfico 4. Evolución dos ingresos, custes e renda neta por litro de leite nas explotacións lácteas en España 2000-2013	21
Gráfico 5. Previsión da evolución do prezo do leite e das materias primas para a alimentación animal a nivel mundial 2013-2023.....	21
Gráfico 6. Consumo e produción de produtos lácteos en España 2013	27
Gráfico 7. Porcentaxe de leite transformado por cooperativas en 2011.....	37
Mapa 1. Custe da compra de alimentos para o gando en porcentaxe dos ingresos pola venda do leite	19

Introdución

Neste traballo levamos a cabo un estudo sobre a dinámica recente do sector lácteo galego e as súas perspectivas no medio prazo, tendo en conta o novo contexto que se abriu desde o 1 de abril de 2015 co fin das cotas lácteas na Unión Europea. Intentarase dar unha imaxe da importancia do sector na economía galega, amosando as principais variables macroeconómicas, VEB e emprego. Unha vez feito iso estudarase a estrutura do sector produtor así como os seus problemas, sendo o principal o modelo produtivo configurado nas explotacións lácteas, un modelo intensivo que as fai moi dependentes das compras de insumos do exterior, nun contexto de elevada volatilidade nos mercados mundiais de materias primas. Unha vez analizado o sector produtor, abordaremos a situación da industria transformadora en Galicia, caracterizada pola súa acusada debilidade. Para mostrar esa debilidade compararemos os datos coas principais rexións leiteiras da UE, así como coas Comunidades Autónomas (CC.AA.) españolas nas que se concentra a industria láctea. Afondaremos nas causas da debilidade desta industria no noso país, que de xeito sintético se poden resumir nunha especialización no envasado de leite en brick, o cal aporta escaso valor engadido ademais de existir sobre este produto un gran poder das cadeas distribuidoras na fixación de prezos. Isto último enlaza co problema de falla de articulación da cadea produtiva. En España a relación existente entre gandeiros e industria era ata hai poucos anos mediante meros acordos verbais; situación só resolta en parte coa aprobación do Paquete Lácteo en 2012. A consecuencia desta desestruturación foi o aumento no poder de fixación de prezos das cadeas de distribución, que impoñen as súas condicións aos eslavóns máis débiles, industria e sobre todo produtores (López, 2015).

O obxectivo do traballo é dar unha visión global da situación e os principais problemas do sector. Dada a limitación de espazo, non se irá moito máis alá de identificar eses problemas e citar algunhas das solucións indicadas na literatura revisada.

Para realizar a análise empregáronse diversas publicacións, informes e documentos, que se recollen na bibliografía. En canto ás fontes estatísticas, os datos aportados nas

táboas e gráficos foron extraídos de diversas estatísticas elaboradas polo Instituto Nacional de Estadística (INE), Instituto Galego de Estatística (IGE), Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (MAGRAMA), o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) e EUROSTAT.

O traballo divídese en tres grandes apartados. No primeiro tentamos mostrar a importancia do complexo lácteo na economía galega. O segundo apartado está dedicado ao sector produtor de leite, examinando a súa importancia en Galicia e o sistema produtivo que define aquí ás explotacións. Por último, no terceiro apartado estudarase a situación da industria láctea, examinando os seus datos básicos así como os produtos nos que se especializa e o seu destino. Poderemos constatar así, en contraste coa fortaleza do sector produtor, a debilidade da industria transformadora e como isto limita o potencial do complexo lácteo na nosa Comunidade.

O traballo complétase co resumo das principais conclusións así como a indicación de posibles vías de ampliación e o listado da bibliografía empregada.

Planificación

Neste apartado recóllese a forma na que se desenvolveu a organización do traballo, indicando as distintas fases mediante cores en forma de calendario. Ademais, aproveito estas liñas para agradecer o labor de Edelmiro López Iglesias, titor deste traballo, pola súa dedicación, colaboración e os seus consellos ao longo da elaboración deste traballo.

outubro-15						
L	M	ME	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

novembro-15						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

decembro-15						
L	M	ME	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

xaneiro-16						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31





febreiro-16						
L	M	ME	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29						

marzo-16						
L	M	ME	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

abril-16						
L	M	ME	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	
30	31					

maio-16						
L	M	ME	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

xuño-16						
L	M	ME	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

-  Selección do tema e envío da solicitude do Traballo de Fin de Grao.
-  Reunións e consulta de dúbidas ao titor.
-  Revisión de bibliografía e datos estatísticos.
-  Redacción do traballo.

Desenvolvemento do traballo

1. O peso do complexo lácteo na economía galega

Un primeiro obxectivo é coñecer o peso do complexo lácteo na economía galega, tendo en conta os seus diferentes eslabóns: sector produtor e industria transformadora.

Táboa 1: Relevancia do sector lácteo na economía de Galicia (En miles de euros).

	Peso do sector lácteo na economía galega no 2013	Porcentaxe do VEB da economía galega
VEB do total da economía galega	49.678.159	100%
VEB agricultura, gandería (R01)	1.646.816	3,31%
A) VEB do sector produtor	721.254	1,45%
B) VEB da industria láctea	156.183	0,31%
A+B	877.437	1,77%

Fonte: Elaboración propia a partir das Contas Económicas do IGE e a Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrarias de 2013 publicada polo INE.

Como podemos ver na táboa 1, o Valor Engadido Bruto (VEB) do complexo lácteo representa no ano 2013 o 1,77% do VEB da economía de Galicia, do cal 1,45% corresponde ao sector produtor e só o 0,31% á industria transformadora¹. Isto reflicte xa que en Galicia existe un sector produtor moi importante, que non atopa o correlato nunha industria láctea a súa altura. Un dato que amosa esa disparidade é que, mentres o sector lácteo representa o 38,8%² do VEB e o 52% do emprego deste sector en España, o peso relativo da industria láctea límitase ao 9,8% do VEB e o 8,1% do emprego desta rama industrial no Estado (táboa 2).

¹ Dadas as limitacións das fontes estatísticas, para estimar o VEB do sector produtor tivemos que levar a cabo unha serie de cálculos indirectos. O primeiro paso foi calcular, coa información da Encuesta de estruturas agrarias de 2013, a porcentaxe das explotacións lácteas na produción agraria total; aplicando despois esa porcentaxe ao VEB da rama de Agricultura e gandería (R01) ofrecido polo IGE.

² Para o cálculo do VEB do sector produtor en España utilizamos o mesmo procedemento descrito para Galicia.

Como veremos no terceiro apartado do traballo, ese baixo peso da industria láctea galega ten a súa orixe en dous factores: a exportación en bruto do 30% da produción láctea cara industrias situadas fóra da nosa Comunidade; e a especialización das nosas industrias en derivados de baixo valor engadido, principalmente leite envasado (López,2014).

Táboa 2: Peso do sector produtor e industria en Galicia e España.

Sector produtor	VEB sector lácteo miles de € 2013	UTA no sector lácteo 2013
España	1.855.253	16.398
Galicia	721.254	31.389
Galicia/España	38,9%	52,2%
Industria Láctea	VEB industria láctea miles de € 20	Ocupados na Industria láctea 2013
Galicia	156.183	1.977
España	1.591.200	24.480
Galicia/España	9,8%	8,1%

Fonte: Elaboración propia a partir da Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrarias de 2013 e da Encuesta Industrial de Empresas, publicadas ambas polo INE.

2. O sector lácteo en Galicia: relevancia e principais características

2.1 A evolución da PAC e a súa influencia no sector lácteo

As orixes da Política Agraria Común (PAC) da Unión Europea remóntanse a 1957, coa sinatura do Tratado de Roma. Os obxectivos iniciais da PAC eran aumentar a produción e a produtividade do sector agrario europeo, a través de sistemas que garantisen prezos elevados para os agricultores, asegurar o abastecemento do mercado europeo e protexer os agricultores fronte ás oscilacións dos mercados mundiais. O establecemento de elevados prezos para os produtos agrarios tivo como principal consecuencia negativa un aumento dos excedentes, co conseguinte incremento dos gastos para a Facenda comunitaria. Isto acabou levando á necesidade de profundas reformas do modelo inicial da PAC a partir da década de 1980, onde se insire a introdución en 1984 dun sistema de cotas, de limitación cuantitativa da produción, no sector lácteo.

A pesares de existir reformas previas, non foi ata 1992 cando comezou a substitución da protección vía prezos por un sistema de axudas directas aos produtores como principal mecanismo de apoio á agricultura europea. Esa modificación no modelo da PAC posibilitou unha diminución dos excedentes. En 1999 aprobouse unha nova reforma da PAC no marco da “Axenda 2000”, que veu profundizar na reforma de 1992, reducindo máis os prezos interiores e compensando isto cun incremento das axudas directas.

Chegamos así ao ano 2003, no que se aproba unha reforma que dará un novo xiro á estratexia de apoio da UE á agricultura. O elemento fundamental consistiu no “desacoplamento” das axudas directas, que establece que a maioría das axudas existentes nas diferentes Organizacións Comúns de Mercado (OCM) sexan substituídas por un pago único por explotación. Pago este calculado inicialmente en función dos “dereitos históricos”, as axudas que recibira a explotación no trienio 2000-2002, e que, a principal novidade, está desvinculado da produción: o agricultor percibirá a axuda con independencia do uso que realice das terras e da produción agraria que obteña, estando só condicionada ao cumprimento de certas normas ambientais e relativas ao coidado das terras (López et al, 2004).

No que se refire ao sector leiteiro, a reforma de 2003 iniciou o camiño cara á eliminación do sistema de cotas introducido en 1984, e aprobou ademais unha forte redución dos prezos de intervención do leite en po e a manteiga; poñendo así en marcha a progresiva liberalización do mercado lácteo na UE (López, et al 2004). Este camiño foi posteriormente confirmado polo chamado “Exame de saúde” da PAC aprobado a finais de 2008, onde se acordou un incremento progresivo da cota láctea asignada a cada Estado no período 2009-2013, como “aterraxe suave” para a eliminación das cotas a finais da campaña 2014-2015.

A última reforma da PAC que regulará o sector agrario durante o período 2014-2020, consolida o escenario debuxado pola reforma do 2003. Nela contéplase o fin do sistema de cotas lácteas o 1 de abril de 2015, o que suporá o cume o proceso de liberalización do sector iniciado no 2003. Ademais da supresión das cotas, só se manteñen mecanismos de intervención pública en caso de crises graves e como unha “rede de seguridade”, confiando a estabilidade do mercado á autorregulación entre os axentes da cadea láctea. Un terceiro punto destacable desta reforma da PAC é a modificación das axudas directas ás explotacións, onde o antigo Pago Único é substituído por diversos tipos de pagos e iníciase unha tendencia á igualación das axudas por hectárea, o que terá consecuencias para as explotacións lácteas galegas (López, 2015).

A pesar da existencia das cotas, que limitaban a produción nos diferentes países europeos, a produción láctea galega creceu dende a incorporación de España á UE ata acadar unha cifra superior a 2,5 millóns de toneladas. Deste modo, Galicia pasou a figurar entre as 10 rexións produtoras de leite máis importantes de Europa, ao tempo que se consolidaba como a primeira produtora, con moita diferenza, a nivel español con case o 40% da produción nacional.

2.2. Galicia como rexión produtora de leite no contexto europeo

O sector produtor de leite, como xa ilustramos no apartado anterior, ten un peso importante na economía galega, supoñendo en 2013 o 1,45% do VEB da Comunidade Autónoma. Outra dato complementario que ilustra esa importancia é que Galicia está entre as 10 rexións da UE con maior produción láctea. Como podemos ver na táboa 3, a produción galega situouse en 2014 en 2,65 millóns de toneladas de leite, o que representa o 1,66% do total da UE, sendo a novena rexión produtora. Non obstante, podemos albiscar nos datos un síntoma preocupante: Galicia é, das 10 primeiras rexións produtoras a nivel europeo, aquela na que menos creceu a produción láctea no período 2007-2014. O aumento foi aquí do 12,65%, claramente superior á media da UE pero moi por baixo do constatado en rexións como Baixa Normandía (23,15%) ou Weser-Ems (25,58%). Isto, nun período no que se estaba a dar un aumento xeral das cotas, que servise, como se recolle en Santiso e López (2014), de “aterraxe suave” para a liberalización da produción en abril do 2015, pode ser mostra de que Galicia estivese a perder certo peso como rexión de referencia na produción láctea a nivel europeo. Unha das explicacións desa dinámica pode estar na debilidade da industria na nosa Comunidade, tema no que afondaremos no próximo apartado.

Táboa 3: Produción das principais rexións produtoras de leite a nivel europeo..

	2007(miles de toneladas)	2014(miles de toneladas)	Peso 2007	Peso 2014	Diferenza 2007-2014
Bretagne	4.869,3	5.594,5	3,29%	3,50%	14,89%
Southern and Eastern	4.097,3	4.643,9	2,77%	2,91%	13,34%
Lombardia	4.022,2	4.631,1	2,72%	2,90%	15,14%
Pays de la Loire	3.416,0	3.997,0	2,31%	2,50%	17,01%
Weser-Ems	2.687,1	3.374,6	1,82%	2,11%	25,58%
Basse-Normandie	2.598,6	3.003,7	1,76%	1,88%	15,59%
Schleswig-Holstein	2.377,3	2.927,5	1,61%	1,83%	23,15%
Mazowieckie	2.370,0	2.820,0	1,60%	1,76%	18,99%
Galicia	2.354,4	2.652,3	1,59%	1,66%	12,65%
Emilia-Romagna	n.d	2.597,4		1,63%	
Produción principais rexións	28.792,2	36.241,8	19,48%	22,68%	
Total	147.823,7	159.824,6	100%	100%	8,12%

Fonte: Elaboración propia a partires de datos de Eurostat.

2.3. Galicia como primeira zona produtora a nivel estatal

Como podemos ver na táboa 4, o número de explotacións lácteas a finais de 2014, contando tanto as especializadas no leite como as de produción mixta (leite e carne), situábase en Galicia nas 12.500. No reparto provincial constátase que o 83% desas explotacións localízanse en Lugo e A Coruña, mentres que en Pontevedra está o 16% e en Ourense só o 1%. Estes datos mostran que a produción de leite se concentra na metade norte do territorio onde as condicións climáticas son máis favorables, cun clima húmido que favorece a existencia de pastos e cultivos forraxeiros que serven como alimento para o gando.

No que se refire á produción, na táboa 5 podemos observar que esta continuou aumentando en Galicia nos anos recentes, pasando de 2,35 millóns de toneladas de leite en 2007 a 2,65 millóns en 2014, o que supón un incremento nos 7 anos do 12,7%, que case duplica a media estatal (7,0%). Como consecuencia, a nosa Comunidade viu reforzado o seu papel de primeira potencia láctea a nivel español, aportando hoxe en números redondos 40 de cada 100 litros de leite de vaca que se producen en España.

Táboa 4. Número de explotacións lácteas en Galicia por provincias 2014

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
A) Producción de leite	11.364	4.710	4.626	96	1.932
B) Producción mixta (leite e carne)	1.159	188	874	29	68
A+B	12.523	4.898	5.500	125	2.000
% explotacións lácteas por provincia	100%	39,1%	43,9%	1,0%	16,0%

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Táboa 5. Producción de leite en Galicia e España 2007-2014

Producción leite de vaca (miles tn)	Galicia	España	Gal/Esp
2007	2.354,40	6.335,30	37,16%
2008	2.378,00	6.341,90	37,50%
2009	2.373,00	6.251,40	37,96%
2010	2.407,70	6.357,10	37,87%
2011	2.546,20	6.487,70	39,25%
2012	2.505,80	6.502,40	38,54%
2013	2.584,86	6.559,17	39,41%
2014	2.652,26	6.779,75	39,12%
Variación 2007-2014	12,65%	7,02%	

Fonte: elaboración propia a partir de datos da Estadística Láctea Anual publicada polo MAGRAMA.

A expansión da produción unida á intensa desaparición de unidades produtivas permitiu que a dimensión media das explotacións lácteas galegas rexistrara un forte incremento nas últimas décadas, aínda que sigue sendo inferior á media española. Concretamente, en 2013 a produción media por explotación situábase en Galicia en 251,55 toneladas, o que supón o 72% da cifra media en España (350,82 toneladas) (táboa 6).

Táboa 6. Explotacións lácteas e produción en Galicia e España no ano 2013

	Explotacións	Produción (en toneladas)	Produción media por explotación
España	18.697	6.559.200	350,82
Galicia	10.276	2.584.900	251,55
Gal/ Esp	54,96%	39,41%	71,70%


Fonte: elaboración propia a partires dos datos da Estadística Láctea Anual publicada polo MAGRAMA e do INE da Encuesta sobre las Estructuras Agrarias de 2013.

Esos datos medios esconden, non obstante, unha crecente diferenciación interna; de tal modo que a produción láctea na nosa Comunidade tende a concentrarse cada vez máis nas explotacións de mediana e gran dimensión. Ilustrado cun dato: xa en 2009 as explotacións cunha cota superior a 250 mil litros, sendo o 18% do total, aportaban o 50% da produción. E isto continuou acentuándose nos anos recentes (Sineiro, Lorenzana e Vázquez, 2012).

2.4 Estrutura produtiva das explotacións lácteas galegas; os retos derivados da desaparición das cotas e outros cambios recentes no contexto

Confirmando o indicado anteriormente, no gráfico 1 podemos observar que a produción de leite en Galicia seguiu unha liña ascendente nas dúas últimas décadas, pasando de 1,9 millóns de litros en 1994 a máis de 2,5 en 2013.


Gráfico 1. Evolución da produción de leite en Galicia 1994-2013



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

Ese aumento da produción deuse ao tempo que se reducía fortemente o número de explotacións, que pasaron de 28.700 en 1997 a pouco máis de 9.000 a finais de 2015 (gráfico 2). Tomando un período máis longo, a cifra pasou de preto de 100.000 explotacións con vacas de leite no momento da incorporación á UE (1986) a menos de 10.000 30 anos despois. Estamos, en suma, ante un intenso proceso de reestruturación do sector, que non é exclusivo de Galicia senón que se constata tamén en España (gráfico 2).

Gráfico 2. Evolución do número de explotacións lácteas en Galicia e España 1997-2015




Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Encuesta sobre la Estructura de las Explotaciones Agrarias dos anos 1997, 2003, 2005, 2007 e 2013 e das cifras do FEGA para 2015.

O aumento da produción láctea en Galicia fíxose sen incrementar a Superficie Agraria Útil (SAU) das explotacións leiteiras, as terras de cultivos e pastos coas que estas contan. A SAU controlada polas explotacións lácteas pasou de 266.257 hectáreas (ha) en 2003, o 38% da SAU de Galicia, a 225.700 ha en 2013, menos do 35% da SAU galega³. Esa evolución da SAU marca un dos trazos definitorios do sistema produtivo que se consolidou nas explotacións lácteas galegas, que é a crecente intensificación e a dependencia conseguinte da compra de alimentos para o gando (López, 2015). Ese modelo produtivo, dependente da importación de alimentos para o gando, pon á vista unha ineficiencia económica, posto que no noso País existen numerosas superficies abandonadas que poderían ser utilizadas para a produción de alimentos para o gando. A consecuencia é que as explotacións lácteas galegas teñen uns custes na compra de alimentos para o gando que supoñen o 25-30% dos ingresos pola venda do leite; cifra moi superior á que encontramos nas rexións europeas cunhas características climáticas similares, onde esa porcentaxe oscila entre o 10 e o 20%. Esa situación queda reflectida no mapa 1, onde podemos observar que o modelo produtivo de Galicia se asemella máis ao da zona mediterránea que ao das rexións atlánticas, caracterizadas por un potencial forraxeiro maior e unha menor dependencia das compras de alimentos para o gando (López, 2014).

³ Datos obtidos das *Encuestas sobre la estructura de las explotaciones agrarias* de 2003 e 2013.

Mapa 1. Custe da compra de alimentos para o gando en porcentaxe dos ingresos pola venda do leite



Fonte: Eurostat.


Este proceso de intensificación do modelo produtivo ven explicado en boa medida por unha serie de factores estruturais que provocan que as explotacións leiteiras sigan contando en Galicia cunha reducida superficie e ademais cunha elevada fragmentación parcelaria en boa parte das comarcas. A intensa desaparición de unidades produtivas nas últimas décadas abriu a posibilidade de ampliar a SAU das explotacións superviventes, mais isto só ocorreu de forma limitada debido á baixa mobilidade da terra.

Eses condicionantes estruturais fixeron que no plano individual resultase racional para os gandeiros optar por un modelo produtivo baseado na intensificación. En primeiro lugar porque a solución para facilitar a compra ou arrendamento de terras depende do marco institucional, que non controla cada produtor individual. En segundo lugar porque os prezos dos alimentos para o gando mantivéronse relativamente baixos ata 2007, o que facía que non resultase excesivamente gravosa a súa compra (López, 2014). En terceiro lugar, pola existencia de importantes primas de cantidade no pago do leite polas industrias, o que fomentaba o incremento da produción como obxectivo básico das explotacións. E en cuarto lugar porque as axudas da PAC introducidas no sector lácteo desde 2004 estaban ligadas ao volume de produción, á cota da explotación, sen ter en conta a súa superficie (López, 2014).

Sen embargo, desde 2007 ese modelo produtivo comezou a atopar crecentes dificultades debido a unha serie de factores, que poñen cada vez máis en cuestión a súa viabilidade futura. O primeiro cambio a sinalar é a crecente volatilidade dos prezos das materias primas para a alimentación animal, dentro dunha tendencia fortemente

alcista, que se constata desde 2007 (gráfico 3). Así, no gráfico 3 podemos observar que no período 2000-2013 o prezo do leite (en euros correntes) aumentou en España un 20%, mentres que o dos pensos o fixo nun 40% e os custes da enerxía e dos fertilizantes se elevaron nun 100%; sendo a partir de 2007 cando se acelera o encarecemento dos insumos.


Gráfico 3. Evolución dos prezos do leite, pensos, fertilizantes e enerxía en España (2010=100)



Fonte: Sineiro, F; Vázquez, I. (2014).


Iso orixinou un aumento dos custes nas explotacións lácteas galegas, que reduciu as súas marxes. En concreto, no gráfico 4 observamos como, tomando como base 100 as cifras de 2000, a renda dos gandeiros por litro de leite descendeu dende un índice de 120 en 2007 a menos de 80 en 2013. De cara aos próximos anos, as previsións a nivel mundial da FAO ata 2023 son que os prezos do leite se manteñan relativamente estables e o mesmo os das oleaxinosas; pero os cereais incrementarán o prezo en máis dun 15% (gráfico 5). Polo tanto, a dinámica iniciada en 2007, caracterizada pola alza e volatilidade do custe das materias primas para a alimentación animal, parece que continuará; o que pon en cuestión a viabilidade do modelo produtivo configurado nas explotacións lácteas galegas nas décadas recentes (Sineiro e Vázquez, 2014).

Gráfico 4. Evolución dos ingresos, custes e renda neta por litro de leite nas explotacións lácteas en España 2000-2013



Fonte: Sineiro, F; Vázquez, I. (2014).

Gráfico 5. Previsión da evolución do prezo do leite e das materias primas para a alimentación animal a nivel mundial 2013-2023



Fonte: Sineiro, F; Vázquez, I. (2014).

O segundo cambio nos anos recentes foi a liberalización do sector lácteo a nivel europeo. Liberalización que comezou coa reforma da PAC de 2003 e tivo como colofón a eliminación das cotas lácteas desde o 1 de abril de 2015. Nestes anos asistimos a unha progresiva eliminación dos sistemas públicos de intervención na UE, mediante as compras de leite en po e de manteiga, que permitía manter uns prezos do leite

estables e moi por enriba dos do mercado mundial. Coa redución desa intervención o prezo do leite na UE comezou a ser máis volátil e a converxer cos prezos mundiais.

Dado o escaso tempo transcorrido dende a desaparición das cotas non podemos afirmar cal será o seu impacto, mais os estudos existentes apuntan a que o previsible é un aumento da produción na UE, que levará a unha redución dos prezos (López, 2015; Sineiro e Vázquez, 2014). De feito, isto é o que está sucedendo no primeiro ano transcorrido desde a eliminación das cotas, e de forma máis acentuada do que estimaban os estudos previos. A segunda consecuencia previsible da desaparición das cotas é que se tenda á concentración da produción naqueles territorios con maiores vantaxes competitivas, dado que agora non existe unha limitación cuantitativa á produción en cada territorio.

Iso coloca as explotacións galegas nunha difícil situación. En primeiro lugar porque os gandeiros teñen acumulado aquí un elevado apalancamento, coma consecuencia dos esforzos investidores que realizaron nos últimos anos. En segundo lugar pola distancia aos centros de consumo e a débil industria transformadora existente en Galicia. E en terceiro lugar polos altos custes na compra de alimentos para o gando que teñen que soportar as nosas explotacións. A pesar desas debilidades, as explotacións galegas contan cun elemento ao seu favor: a capacidade para reducir os custes de produción mediante o aproveitamento do potencial que ten Galicia para a produción de forraxes e outros alimentos para o gando (López, 2015).

O terceiro elemento que vai condicionar o futuro das explotacións lácteas galegas é a nova orientación das axudas da PAC iniciada coa reforma aprobada para o período 2014-2020. Nesta reforma, ademais de substituír o pagamento único por unha serie de axudas con diferentes obxectivos, iníciase o camiño cara unha progresiva igualación dos pagos por hectárea de SAU dentro de cada Estado. Isto pode prexudicar ás explotacións lácteas galegas, especialmente aquelas máis intensivas e que contan cunha menor base territorial (López, 2015).

Eses tres cambios no contexto internacional fan que o modelo produtivo configurado nas explotacións lácteas galegas, caracterizado pola elevada dependencia das compras de alimentos para o gando, corra o risco de enfrontarse a crecentes dificultades. Polo tanto, o obxectivo debe ser trocar ese modelo por outro cunha maior autonomía das explotacións na alimentación do gando. Este novo modelo, ademais de permitir reducir os custes de produción e a vulnerabilidade das explotacións ante a volatilidade dos mercados internacionais, posibilitaría un uso máis eficientes dos recursos naturais dos que dispón o noso territorio. En definitiva, a ampliación da base territorial das explotacións lácteas será un factor moi importante para a súa capacidade de competir nun mercado libre. Neste sentido, López (2015) apunta un obxectivo concreto: mantendo a cabana gandeira arredor das 350.000 vacas de leite, lograr que a SAU xestionada polas explotacións leiteiras aumente das 220.000 ha actuais a 350.000,

preferentemente mediante o arrendamento de terras actualmente abandonadas ou subutilizadas.

3. A industria láctea en Galicia: magnitudes básicas, estrutura e especialización

3.1 A industria láctea a nivel europeo

Comezamos a análise da industria láctea cunha serie de datos sobre a importancia desta rama a nivel europeo. Como podemos ver na táboa 7, o volume de vendas da industria láctea na UE foi de 145.895 millóns de euros en 2014, distribuídos entre as máis de 12.000 empresas existentes nos 28 países membros. Esa cifra supón o 17% das vendas totais da industria alimentaria, o que converte á industria láctea nunha das principais ramas do sector. Os países cunha industria láctea de maior dimensión son Francia e Alemaña, seguidos de lonxe por Dinamarca e Italia. España é o sexto Estado por volume de produción desta rama, cunha facturación de case 9.000 millóns de euros en 2014, o 10,6% do total da industria alimentaria. Este peso relativo, sendo significativo, está lonxe do que alcanza a rama no conxunto da UE e supón pouco máis da metade do que encontramos en países como Alemaña ou Francia (táboa 7).

Táboa 7. Volume de produción da industria láctea na UE e nalgúns Estados membros 2014

Volumen de produción da industria láctea (en Millóns de €)	Total UE	Alemaña	Francia	España
Industria Alimentaria	859.418,0	151.896,3	156.254,3	84.551,7
Industria Láctea	145.895,0	28.207,0	29.179,7	8.981,2
% Industria láctea/alimentaria	17,0%	18,6%	18,7%	10,6%

Fonte: Elaboración propia a partires de datos de Eurostat.

No que se refire ao emprego, o número de ocupados nesta rama industrial supera na UE os 400.000, o 10% do total da industria alimentaria (táboa 8)⁴.

Táboa 8. Emprego da industria láctea na UE 2013.

Emprego	UE	Alemaña	Francia	España
Industria Alimentaria	4.100.000,0	797.141,0	553.917,0	309.793,0
Industria Láctea (ver nota 4)	410.000,0	42.426,0	56.418,0	23.601,0
% Industria láctea/alimentaria	10,0%	5,3%	10,2%	7,6%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Eurostat e O'Shaughnessy, C. (2013).

Despois deses datos macroeconómicos, imos ofrecer unhas breves notas sobre as principais empresas do sector. Como podemos ver na táboa 9, a primeira empresa láctea en Europa é a francesa Lactalis, seguida da tamén francesa Danone e da suíza Nestlé; o grupo dos 5 líderes europeos complétase coas empresas de base cooperativa

⁴ A información sobre o número de ocupados da industria láctea, referente o conxunto da UE, non está dispoñible en Eurostat, polo que a cifra que ofrecemos é aproximada seguindo as orientacións de O'Shaughnessy, C. (2013), pertencen a Eurostat, os datos a nivel nacional.

Friesland-Campina (Holanda) e Arla (Dinamarca). No que se refire a empresas españolas, a primeira é a asturiana CAPSA, situada no posto 27 e cun volume de facturación entre 13 e 20 veces menor ao dos cinco líderes (táboa 9)⁵.

Táboa 9. Principais empresas lácteas en Europa. Datos referidos a 2012

Principais Industrias lácteas europeas	Volume de negocio (millóns de €)	País
Lactalis	16.000	Francia
Danone	14.300	Francia
Nestle	13.300	Suíza
Friesland-Campina	10.900	Holanda
Arla	9.200	Dinamarca
DMK	4.600	Alemania
Sodial	4.400	Francia
Bongrain	4.000	Francia
Muller	3.500	Alemania
Glambia	3.200	Irlanda
BEL	2.500	Francia
Tine	2.500	Noruega
EMI	2.200	Suíza
Valio	1.900	Finlandia
Win-Bili	1.700	Rusia
Hocwald	1.300	Alemania
Hochland	1.100	Alemania
Wiseman	1.100	Reino Unido
Elsa-Mifroi	900	Suíza
Berglanmi	800	Suíza
Lactogal	800	Portugal
Granarolo	800	Italia
Milcobel	800	Bélgica
Dairygold	800	Irlanda
Milenpol	700	Polonia
Milckovita	700	Polonia
CAPSA	700	España

Fonte: Turnes, X. e Ramos, P. (2013).

3.2 A industria láctea en España e a posición de Galicia no contexto español

Unha vez analizados os principais datos da industria láctea a nivel europeo, imos centrarnos na realidade do sector en España e Galicia; comezando para iso por contextualizar a industria láctea galega dentro do panorama español.

⁵ O volume de negocio que se recolle na táboa ten en conta as diversas liñas de produtos das empresas, e non só as vendas de produtos lácteos.

3.2.1. A industria láctea en España

A industria láctea en España estaba formada en 2013 por 1.536 empresas que daban traballo a 24.480 persoas, o 7% do emprego da industria alimentaria (táboa 10). Se analizamos a evolución recente vemos como tanto o número de empresas como o de ocupados diminuíron no período 2010-2013: o primeiro nun 3,5% e o segundo un 6,1% (táboa 12). O volume de vendas sitúase en 2013 nos 8.500 millóns de euros, 9,3% da industria alimentaria, e o VEB en 1.609 millóns, 8,5% do VEB da industria alimentaria. No referente á produtividade o VEB/ocupado é un 22% superior ao da industria alimentaria, alcanzando os 65.500 euros por ocupado e ano. Este maior VEB por ocupado ten o seu correlato nunhas maiores vendas por traballador (35% por encima da media da industria alimentaria) (táboa 10). Isto débese en boa medida a que os produtos nos que se especializa a industria láctea española, leite envasado, necesitan de baixos requirimentos de man de obra e xeran tamén un valor engadido baixo. Como podemos ver na táboa 11, o leite líquido supón o 49% da produción total, moi por enriba da media da UE (23%). Isto marca un dos rasgos definitorios da industria láctea española: a especialización en produtos de baixo valor engadido, sobre todo o leite envasado.

Táboa 10. Principais datos da industria láctea española 2013

Datos 2013	Industria láctea	Industria alimentaria	industria láctea/ alimentaria
Número de empresas	1.536	28.372	5,41%
Número de ocupados	24.480	355.321	6,89%
Volume de vendas (en millóns de €)	8.521	91.450	9,32%
VEB (en millóns de €)	1.609	19.028	8,46%
Investimentos en activos materias (en millóns de €)	194	2.541	7,63%
Gastos de persoal (en millóns de €)	953	10.630	8,97%
Excedente de explotación (en millóns de €)	656	8.398	7,81%
Marxe bruta	7,70%	9,18%	83,83%
Vendas/ ocupado	348,08	257,37	135,24%
VEB/ocupado	65,48	53,55	122,28%
Saldo balanza comercial 2014 (en millóns de €)	-820,10	6103,10	

Fonte: Elaboración propia a partir das fichas do MAGRAMA que recollen datos da Encuesta Industrial de Empresas do INE.

Táboa 11. Produtos obtidos polas industrias lácteas en España e na UE 2009

Produtos lácteos elaborados	UE-25	España	Francia	Dinamarca
Leite líquido	23%	49%	15%	10%
Produtos frescos	9%	13%	8%	3%
Queixos	51%	34%	58%	62%
Leite en po e concentrada	17%	4%	19%	25%

Fonte: Díaz, M.A. (2010).

O custe da compra de materias primas sobre o volume de vendas foi aumentando entre 2010 e 2013, acadando neste último ano o 59%. Pola contra a contía dos gastos de persoal sobre as vendas mantívose constante. Por último, a marxe bruta desta rama

descendeu do 11,2% en 2010 ao 7,7% en 2013⁶. Deste xeito, a marxe de bruta da industria láctea sitúase un 17% por baixo da media da industria alimentaria. Ese descenso ven explicado pola caída do VEB e tamén do excedente de explotación do sector, debido ao aumento do custe das materias primas por encima do das vendas (táboa 12).

Táboa 12. Evolución das principais variables económicas da industria láctea española (2010-2013).

Variables industria láctea en España	2010	2011	2012	2013
Número de empresas	1.592	1.561	1.558	1.550
Ocupados	26.079	26.381	25.452	24.480
Vendas Netas (Millóns de €)	8.221	8.933	8.322	8.522
VEB(Millóns de €)	1.842	1.939	1.669	1.609
Investimentos (Millóns de €)	242	277	265	194
Compras materias primas (Millóns de €)	4.372	5.088	4.830	5.025
Gastos de persoal (Millóns de €)	923	966	939	953
Excedente de explotación (Millóns de €)	919	973	730	656
Marxe bruta	11,18%	10,89%	8,77%	7,70%
Vendas/ ocupado (miles de €)	315,23	338,61	326,97	348,12
VEB/ocupado (miles de €)	70,63	73,50	65,57	65,73
Compras materias primas/ventas	53,18%	56,96%	58,04%	58,97%
Gastos de persoal/ ventas	11,23%	10,81%	11,28%	11,18%

Fonte: Elaboración propia a partir das fichas do Magrama que recollen datos da Encuesta Industrial de Empresas.

Para completar esta aproximación xeral imos analizar o comercio exterior de produtos lácteos. Na táboa 13 podemos ver que España é importadora neta de produtos lácteos; a taxa de cobertura só acadou en 2014 o 53,1%. En termos absolutos as importacións superaron en 820 millóns de euros as exportacións; un déficit que contrasta coa posición superavitaria do conxunto da balanza alimentaria, que acadou en 2014 un saldo positivo superior a 6.200 millóns de euros.

Táboa 13. Comercio exterior de produtos lácteos (España).

Comercio exterior de produtos lácteos	2012	2013	2014
Exportacións (en millóns de €)	808	840	930
Importacións(en Millóns de €)	1.708	1.758	1.750
Saldo (en millóns de €)	-900	-918	-820
Taxa de cobertura	47,31%	47,78%	53,14%


Fonte: Elaboración propia a partir das fichas do Magrama que recollen os datos do Departamento de Aduanas- Impuestos Especiales.

Esa situación deficitaria viuse condicionada polo sistema de cotas lácteas vixente ata abril de 2015, no que a cota asignada a España era moi inferior ao consumo, o que obrigaba a importar doutros países tanto leite como produtos lácteos xa elaborados (Sineiro e Vázquez, 2014).

⁶A marxe bruta calcúlase como o cociente entre o excedente de explotación e volume de vendas netas. O excedente de explotación é a diferenza entre VEB e os gastos de persoal.

En termos físicos, medido en toneladas de leite equivalente, España necesita importar 1,3 millóns de toneladas en queixos para cubrir o consumo, 300.000 de leite envasado e máis de 400.000 de produtos industriais, e tan só produce máis do que consume noutros produtos frescos (gráfico 6).

Gráfico 6. Consumo e produción de produtos lácteos en España 2013



Fonte: Sineiro, F.; Vázquez, I. (2014).

Na táboa 13 figuran as principais empresas deste rama atendendo ao volume de negocio en 2013⁷. As dúas primeiras, Lactalis e Danone, son líderes europeas na industria láctea, de capital francés. Como principais empresas de capital español encontramos, nos postos 3 a 5, a Pascual, CAPSA e Industrias Lácteas Asturianas. Figurando despois, xa cun volume de vendas inferior os 500 millóns, outras empresas tanto de capital español (COVAP, IPARLAT) como estranxeiras (Senoble España, Leche Celta). A única empresa de capital galego que figura nesta lista das 10 primeiras é o Grupo Leche Río.

⁷ Debemos ter en conta que o volume de negocio ten en conta todas as actividades das compañías, non só os produtos lácteos.

Táboa 14. Principais empresas lácteas en España 2013

Principais Industrias lácteas en España	Volumen de negocio 2013
Grupo Lactalis Iberia	1.180
Danone S.A	950
Calidad Pascual S.A.U	705
CAPSA	677
Industrias Lácteas Asturianas S.A- Grupo	515
COVAP	373
Senoble España S.L	360
IPARALAT S.A	350
Leche Celta S.L	311
Grupo Leche Rio S.A	235

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Magrama.

3.2.2. Panorama da industria láctea galega no contexto español

Un primeiro indicador para aproximarnos á distribución da industria láctea española por Comunidades Autónomas é o valor da produción ou volume de vendas. Tomando as cifras de 2013 observamos que a primeira Comunidade é Castela e León, co 17% do total español, seguida de Galicia (16%), Asturias (13%), Castela-A Mancha (12%) e Cataluña (11%) (táboa 15).

Táboa 15. Ventas netas das industrias lácteas por CC.AA. 2013

	2013 Ventas Netas (Millóns de €)	% sobre o total
Total Nacional	8.541	100,0%
Castela e León	1.433	16,8%
Galicia	1.376	16,1%
Asturias	1.126	13,2%
Castela a Mancha	993	11,6%
Cataluña	923	10,8%
Andalucía	584	6,8%
Comunidade Valenciana	491	5,7%
Madrid	424	5,0%
País Vasco	337	3,9%
Cantabria	276	3,2%
Canarias	214	2,5%
Navarra	116	1,4%
Murcia	96	1,1%
Baleares	82	1,0%
Aragón	46	0,5%
Extremadura	24	0,3%
Rioxa	0	0,0%

Fonte: Elaboración propia a partir das fichas do Magrama que recollen datos da Encuesta Industrial de Empresas.

Esos datos contrastan coa distribución da produción de leite, onde Galicia aporta case o 40%, a enorme distancia de Castela e León (12,4%), Cataluña (10,1%) e Asturias (8,6%) (táboa 16). Deste modo, medido polo valor da produción, Galicia ten un peso na industria transformadora 23 puntos inferior (menos da metade) do que alcanza no subministro de materia prima. O que se corresponde coa situación oposta en dous tipos de territorios: Comunidades cunha importante produción láctea que rexistran ademais un peso maior na industria (Castela e León, Asturias, Cataluña e País Vasco); rexións cunha produción de leite pequena pero que, grazas á proximidade a grandes centros de consumo, contan cunha industria láctea relevante (casos sobre todo de Castela-A Mancha, C. Valenciana e Madrid).

Táboa 16. Produción de leite por CC.AA. 2014

2014	miles tn	% do total
GALICIA	2.652	39,1%
CASTELA E LEÓN	842	12,4%
CATALUÑA	688	10,1%
ASTURIAS	584	8,6%
ANDALUCIA	516	7,6%
CANTABRIA	442	6,5%
NAVARRA	215	3,2%
CASTELA A MANCHA	199	2,9%
PAÍS VASCO	179	2,6%
ARAGON	128	1,9%
COMUNIDADE VALENCIANA	71	1,0%
BALEARES	70	1,0%
MADRID	62	0,9%
MURCIA	56	0,8%
CANARIAS	31	0,5%
EXTREMADURA	29	0,4%
A RIOXA	18	0,3%
ESPAÑA	6.780	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do FEGA.

Os contrastes rexionais son máis acusados, e a posición de Galicia moito máis desfavorable, se nos fixamos non no volume das vendas da industria láctea senón no valor engadido. Galicia baixa aquí ao quinto posto, con só o 9,8% do total español, sendo superada por Castela e León (18,6%), Castela-A Mancha (12,3%), Asturias (11,7%) e Cataluña (11,5%) (táboa 17). Diso dedúcese que a ratio VEB/produción alcanza na industria láctea localizada en Galicia tan só o 60% da media estatal. Polo tanto, se antes sinalamos que a industria láctea española se caracteriza no contexto europeo pola especialización en produtos de baixo valor engadido (leite envasado), constatamos agora que iso dáse de forma especialmente acentuada no caso galego. O panorama é similar, algo máis desfavorable todavía, se nos fixamos no emprego xerado pola industria láctea. Nestas cifras Galicia baixa ao sétimo posto, con só o 8,1% do total español (uns 2.000 ocupados en 2013) (táboa 18).

Táboa 17. VEB da industria láctea por CC.AA. 2013

2013	VEB(Millóns de €)	% sobre o total
Total Nacional	1.597,9	100,0%
Castela e León	297,1	18,6%
Castela a Mancha	196,0	12,3%
Asturias	186,3	11,7%
Cataluña	183,1	11,5%
Galicia	156,2	9,8%
Comunidade Valenciana	128,3	8,0%
Madrid	117,3	7,3%
Canarias	84,0	5,3%
Andalucía	78,0	4,9%
País Vasco	75,3	4,7%
Cantabria	34,8	2,2%
Navarra	17,4	1,1%
Murcia	15,5	1,0%
Baleares	14,3	0,9%
Aragón	9,0	0,6%
Extremadura	5,3	0,3%
Rioxa	0,0	0,0%

Fonte: Elaboración propia a partir das fichas do Magrama que recollen datos da Encuesta Industrial de Empresas.

Táboa 18. Número de ocupados da industria láctea por CC.AA. 2013.

2013	Ocupados	% sobre o total
Total Nacional	24.390	100,0%
Castela e León	4.185	17,2%
Cataluña	3.103	12,7%
Castela a Mancha	2.481	10,2%
Asturias	2.420	9,9%
Canarias	2.001	8,2%
Galicia	1.977	8,1%
Comunidade Valenciana	1.860	7,6%
Andalucía	1.856	7,6%
País Vasco	1.158	4,7%
Madrid	986	4,0%
Cantabria	683	2,8%
Murcia	483	2,0%
Baleares	387	1,6%
Navarra	334	1,4%
Aragón	272	1,1%
Extremadura	204	0,8%
Rioxa	0	0,0%

Fonte: Elaboración propia a partir das fichas do Magrama que recollen datos da Encuesta Industrial de Empresas.

En suma, mentres que Galicia xera case o 40% da produción de leite de España, o noso peso na industria transformadora límitase ao 16% das vendas, 10% do valor engadido e 8% do emprego; poñendo así de manifesto a enorme debilidade desta rama industrial.

Ese panorama resúmese na táboa 19, onde podemos constatar ademais que a situación non parece estar a mudar dado que os investimentos en activos materiais na industria láctea galega só representaban en 2013 o 8,7% do total español. Na mesma liña, datos recentes indican que Galicia é a única das 10 primeiras rexións produtoras de leite da UE sen ningún investimento industrial superior aos 20 millóns de euros no período 2012-2014 (CNIEL, 2014).

Táboa 19. Principais variables da industria láctea galega e española 2013

Industria láctea 2013	Galicia	España	Galicia/España
Número de ocupados	1.977	24.480	8,1%
Volume de vendas (en millóns de €)	1.376	8.575	16,0%
VEB (en millóns de €)	156,2	1.603	9,7%
Investimentos en activos materias (en millóns de €)	16,8	194,0	8,7%
Gastos de persoal (en millóns de €)	68,8	953	7,2%
Excedente de explotación (en millóns de €)	87,4	650,0	13,4%
Marxe bruta	6,4%	7,6%	83,8%
Vendas/ ocupado (miles de €)	696,0	350,3	198,7%
VEB/ocupado (miles de €)	79,0	65,5	120,6%

Fonte: Elaboración propia a partir das fichas do Magrama que recollen datos da Encuesta Industrial de Empresas.

3.3 A industria láctea galega: evolución, características e debilidades

O obxectivo deste apartado é profundizar na evolución desta rama industrial, as principais empresas que a integran e os produtos nos que se especializa.

3.3.1 Evolución das variables básicas da industria láctea en Galicia 2000-2013

Na táboa 20 sintetízase a evolución das principais variables económicas da industria láctea en Galicia no período 2000-2013. En primeiro lugar vemos que o volume de vendas creceu de 800 millóns de euros en 2000 a máis de 1.400 en 2013. Iso acompañouse dun aumento tamén, se ben máis moderado, do número de ocupados (de 1.800 a 2.100) e do VEB (de 122 a 160 millóns de euros). En conxunto, esta rama experimentou unha expansión das súas variables básicas, pero cunha importante limitación: o mantemento dunha reducida capacidade de xeración de valor engadido. De feito, a ratio VEB/ volume de vendas sufriu mesmo unha diminución, paralela ao

aumento da ratio Consumos intermedios/ventas (que pasou do 85% ao 89%). Vinculado a iso, a marxe bruta (Excedente Bruto de Explotación/ vendas) baixou do 9,7% ao 6,0%, cifra esta última claramente inferior á media da rama en España. No lado positivo hai que citar o nivel comparativamente elevado que alcanza a produtividade aparente do traballo (VEB/ocupado), un 20% superior á media da industria láctea española. Eses dous feitos (reducida marxe bruta e nivel en cambio relativamente alto da produtividade do traballo) hai que poñelos en relación coa especialización da industria láctea en Galicia no leite envasado, un produto que xera pouco valor engadido pero que, ao tratarse de procesos moi mecanizados e con baixas necesidades de man de obra, posibilita valores altos do VEB/ocupado.

Táboa 20. Evolución das principais variables da industria láctea en Galicia 2000-2013

Evolución industria láctea en Galicia	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Número de empresa	111	108	101	98	100	112	113	110	110	109	110	115	117	120
Número de ocupados	1.797	1.981	2.018	2.128	2.103	2.316	2.300	2.187	2.011	2.134	1.996	2.040	1.997	2.096
Volumen de ventas (en millóns de €)	802,1	997,5	1.134,1	1.158,8	1.088,8	1.162,8	1.211,9	1.353,5	1.369,1	1.202,4	1.077,8	1.227,0	1.305,0	1.450,4
Consumos Intermedios (en millóns de €)	680,0	847,1	958,6	964,1	911,0	969,3	1.027,5	1.178,9	1.167,0	1.055,8	963,1	1.137,9	1.139,3	1.290,9
VEB (en millóns de €)	122,1	150,3	175,5	194,7	177,8	193,5	184,4	174,6	202,1	146,6	114,8	89,1	165,7	159,5
Gastos de personal (en millóns de €)	44,7	48,4	48,8	54,4	57,2	68,7	68,0	65,0	65,3	69,5	62,7	64,5	62,8	72,9
Excedente de explotación (en millóns de €)	77,4	101,9	126,7	140,3	120,6	124,8	116,3	109,5	136,8	77,0	52,0	24,6	102,8	86,6
Marxe bruta	9,7%	10,2%	11,2%	12,1%	11,1%	10,7%	9,6%	8,1%	10,0%	6,4%	4,8%	2,0%	7,9%	6,0%
Ventas/ ocupado (miles de €)	446,3	503,5	562,0	544,6	517,7	502,1	526,9	618,9	680,8	563,4	540,0	601,5	653,5	692,0
VEB/ocupado (miles de €)	67,9	75,9	87,0	91,5	84,5	83,5	80,2	79,8	100,5	68,7	57,5	43,7	82,9	76,1
Consumos intermedios/ventas	84,8%	84,9%	84,5%	83,2%	83,7%	83,4%	84,8%	87,1%	85,2%	87,8%	89,4%	92,7%	87,3%	89,0%
Gastos de personal/ ventas	5,6%	4,9%	4,3%	4,7%	5,3%	5,9%	5,6%	4,8%	4,8%	5,8%	5,8%	5,3%	4,8%	5,0%

Fonte. Elaboración a partir de: IGE, Contas Económicas de Galicia.

3.3.2 O tecido da industria láctea en Galicia

En primeiro lugar debemos sinalar que non todo o leite producido en Galicia é recollido directamente polas industrias transformadoras, senón que existen os coñecidos como “compradores sen industria”, meros intermediarios entre os produtores e as industrias. Segundo Turnes e Ramos (2014) o peso dos compradores sen industria é aquí elevado, xa que recollían en 2012 o 28% do leite.

O segundo feito a destacar é o alto grao de concentración dos compradores de leite. Así, na campaña 2011-2012 os 5 máis importantes (Lactalis, Leite Rio, CAPSA, Leite Celta e Feiraco) mercaron o 57% do leite recollido en Galicia, e os dez primeiros sumaron máis do 70% das compras (Consello Galego da Competencia, 2013).

O terceiro elemento a mencionar, e que mostra a debilidade do sector en Galicia, é que unha parte importante do leite producido aquí é exportado en bruto a outros territorios, en cisternas. A cantidade exportada sen transformar sitúase en torno ao 30% da produción, máis de 750.000 toneladas de leite (López, 2015).

Deste modo, a primeira das debilidades da industria láctea galega é a súa incapacidade para transformar todo o leite que se produce no noso territorio. E a iso hai que unir a

especialización nos derivados máis simples, que xeran menor valor engadido, nomeadamente envasado de leite en brick. O envasado de leite en cartóns ten ademais dúas problemáticas adicionais: trátase dun tipo de produto cunha demanda en contracción, e cun crecente poder negociador das cadeas distribuidoras (López, 2015).

Así, no relativo á demanda, os datos aportados por MERCASA (2015) amosan que mentres que o gasto en leite líquido descendeu en España entre 2010 e 2014, de 53,6 a 52,8 euros por persoa e ano, o consumo de derivados lácteos, como iogur, queixo, manteiga ou xeados, aumentou de 122,6 a 124,9 euros por persoa e ano. No que respecta ao poder das cadeas de distribución no leite envasado, este derívase en primeiro lugar de que en España a comercialización final do leite se realiza fundamentalmente a través de grandes cadeas distribuidoras, sendo residual a porcentaxe vendida en pequenos establecementos ou directamente dos produtores ou industrias aos consumidores (Consello Galego da Competencia, 2013). E sobre todo do forte aumento da cota de mercado das marcas de distribuidor ou “marcas brancas”, que acadan hoxe en España (no leite envasado) unha cota superior ao 59%, fronte ao 24% das primeiras marcas e o 6% das segundas marcas (Consello Galego da Competencia, 2013). Estas marcas de distribuidor ofrecen un produto semellante ao das primeiras marcas cun prezo sensiblemente menor, banalizando en ocasións o leite, que é utilizado como “produto reclamo”.

Nun contexto onde a cota de mercado das cinco grandes cadeas de distribución supera en España para este produto o 53%, a situación descrita fai que o poder de negociación da industria láctea sobre os prezos do leite envasado sexa moi reducido, limitándose estas a aceptar os prezos fixados polas cadeas de distribución. Este poder de fixación de prezos das cadeas distribuidoras aumentou de forma notable durante a recente crise económica, polo forte incremento da cota de mercado das marcas de distribuidor. Así, moitas industrias lácteas vense obrigadas a envasar unha parte elevada da súa produción para esas “marcas brancas” (Consello Galego da Competencia, 2013).

A continuación trataremos de cuantificar a mencionada especialización da industria láctea galega no leite envasado. Segundo diversos estudos (Consello Galego da Competencia, 2013; Díaz, M.A., 2010), este produto absorbe en España preto do 50% do leite transformado pola industria láctea, porcentaxe moi superior á media da UE (23%). Pois ben, a industria galega aínda mostra unha maior especialización no leite líquido. Analizando os resultados das táboas input-ouput de Galicia (TIOGA) de 2011, vemos que máis do 63% das vendas da industria láctea corresponden aquí a leite de consumo; en tanto que teñen un papel totalmente secundario outros derivados lácteos, como queixos, xeados ou iogures (táboa 21).

Táboa 21. Principais produtos fabricados pola industria láctea galega 2011.

Principais producións da industria láctea en 2011 Galicia	miles de €	% sobre o total
Leite de consumo	678.344	63,9%
Derivados lácteos e xeados	273.054	25,7%
Serv. de comercio porxunto e de intermediarios	66.595	6,3%
Outros	43.578	4,1%
Total	1.061.571,21	100,0%

Fonte: TIOGA 2011 (IGE).

Polo tanto, 2 de cada 3 euros das vendas da industria láctea galega proveñen do leite envasado. O que mostra a acusada dependencia deste produto, sobre o que a industria ten escaso poder de negociación e que xera un moi reducido valor engadido.

En contraste con iso, só o 14,2% do leite producido na campaña 2011-2012 foi destinado á elaboración de queixos (Consello Galego da Competencia 2013), porcentaxe moi lonxe da media estatal (34%) e da UE (51%). E concretamente tan só o 2% do leite é dedicado aquí á produción de queixos con Denominación de Orixe Protexida (DOP), que permiten engadir un maior valor ao tratarse de marcas de calidade. Das catro DOP de queixos existentes en Galicia (Arzúa-Ulloa, Tetilla, San Simón da Costa e Cebreiro), as dúas primeiras concentran o 94% da produción, seguidas a moita distancia da DOP San Simón da Costa e dunhas cifras case insignificantes da DOP do Cebreiro. Pois ben, desas catro DOP tan só San Simón da Costa presenta unha dinámica sólida de crecemento e destina unha parte significativa da súa produción (25%) á exportación fóra de España (López, 2014).

En conxunto, da produción total da industria láctea en Galicia o 30% destínase a cubrir a demanda interna galega, mentres que o 70% restante véndese ao exterior, esencialmente ao resto de España. Galicia aparece así como unha importante exportadora neta de produtos lácteos. Os datos das TIOGA de 2011 mostran como na balanza de produtos lácteos Galicia presenta un forte superávit (573 millóns de euros), alcanzando unha taxa de cobertura do 276%; isto é, as exportacións case triplican as importacións (táboa 22).

Táboa 22. Comercio exterior de produtos lácteos Galicia 2011

Comercio Exterior de produtos lácteos Galicia 2011	miles de €
Exportacións totais de lácteos	899.980
Importacións totais de lácteos	326.263
Saldo total	573.717
Taxa de cobertura	276%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da TIOGA 2011 (IGE).

No que se refire ao destino das exportacións, estas diríxense na súa inmensa maioría (arredor do 90%) ao resto do territorio español, comercio interrexional. As exportacións ao resto da UE limítanse a algo menos do 10%, e as dirixidas ao exterior da UE teñen un papel irrelevante, ao significar tan só o 0,49% (táboa 23). Se

analizamos a composición das compras e das vendas por produtos podemos ver como as exportacións compóñense na súa maioría, 75%, de leite líquido, en concordancia cos datos antes expostos de especialización por produtos da industria transformadora; sen ter en conta que ademais Galicia exporta o 30% do leite sen transformar, polo que isto non se recolle nos datos da táboa 23. No referente ás importacións, a meirande parte, o 70%, corresponden a derivados lácteos e xeados. Polo tanto podemos concluír que a industria galega especializouse na produción e exportación de leite en cartón, sendo o principal subministrador do mercado español, mentres que nos vemos obrigados a importar aqueles produtos lácteos que incorporan maior valor engadido, como queixos ou iogures (López, 2015).

Táboa 23. Comercio exterior de Galicia: principais produtos lácteos 2011

Comercio Exterior Galicia 2011	Imp. leite de consumo e en pó	Imp. derivados lácteos e xeados	Imp. totais de lácteos	% orixe imp.
Totales (miles de €)	102.708	223.555	326.263	100,0%
Resto de España	43.987	198.646	242.633	74,4%
Resto UE	58.721	24.909	83.630	25,6%
Resto do mundo	0	0	0	0,0%
	Exp. leite de consumo e en pó	Exp. derivados lácteos e xeados	Exp. totais de lácteos	% destino exp.
Totales (miles de€)	676.794	223.186	899.980	100,0%
Resto de España	622.618	183.976	806.594	89,6%
Resto UE	52.063	36.905	88.968	9,9%
Resto do mundo	2113	2305	4.418	0,5%
Saldo= Exp-Imp (miles de €)	Saldo leite de consumo e en pó	Saldo derivados lácteos e xeados	Saldo total	
Totales	574.086,00	-369,00	573.717,00	
Resto de España	578.631,00	-14.670,00	563.961,00	
Resto UE	-6.658,00	11.996,00	5.338,00	
Resto do mundo	2.113,00	2.305,00	4.418,00	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da TIOGA 2011 (IGE).

3.3.3 Situación actual da industria láctea e perspectivas ante o novo panorama sen cotas

A industria láctea en Galicia aparece actualmente dominada por catro empresas, das que só dúas son de capital galego. Estas catro empresas representan o 83% das vendas; concentrando as dúas primeiras, ambas de capital foráneo, francés no caso de Lactalis e portugués no de Leite Celta, máis do 60% (táboa 24).

Táboa 24. Principais industrias lácteas en Galicia por volume de vendas 2014

Ingresos de explotación (en miles€)	2014	% sobre o total
Lactalis	514.607	37,4%
Leche Celta SL	328.898	23,9%
Grupo Leche Rio S.A	218.526	15,9%
Feiraco Lácteos S.L	78.748	5,7%
Resto	235.221	17,1%
Total	1.376.000	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partires de datos de SABI.

Ante esta imaxe que presenta hoxe a industria cabe preguntarse cal será o seu provir a curto e medio prazo. En primeiro lugar, como apunta López (2014), o futuro da industria dependerá en boa medida das estratexias que adopten as dúas empresas líderes en Galicia, Lactalis e Leite Celta, así como CAPSA. Pola súa banda as industrias de capital galego, principalmente Leite Río-Leyma e Feiraco, que representan algo máis do 20% da cifra de negocios da industria, a pesares de que manteñen unha evolución positiva nos últimos anos cun aumento no volume de vendas do 15% e 23% respectivamente no período 2011-2014, non parece que poidan acadar un crecemento que permitira absorber o baleiro que deixaría unha eventual redución do volume de produción de Lactalis ou Leite Celta.

En segundo lugar, a situación da industria láctea galega tamén se verá influída polos cambios no marco legal, que se produciron dende a reforma da PAC de 2003 e concluíron co fin do sistema de cotas. Este feito supón unha oportunidade e á vez un risco para industria galega. Unha oportunidade, posto que coa desaparición das cotas e tendo en conta o tecido produtivo das explotacións, Galicia sería quen de aumentar a produción de leite. Isto permitiría cubrir o déficit de produtos lácteos existente en España, dado que o consumo interno supera en 2,4 millóns de toneladas a produción. Deste xeito Galicia poderíase consolidar como provedora de produtos lácteos para o resto do Estado (López, 2015).


Pero por outra banda a fin das cotas lácteas supón tamén un risco, dado que coa liberalización Galicia deixa de ser imprescindible para subministrar leite ao mercado español. Coa liberalización da produción é previsible, e estase a ver, que aumente a produción nas principais rexións lácteas europeas. Ese aumento pode desprazar a Galicia como principal abastecedora de leite envasado para o mercado español, o que levaría a que os nosos gandeiros tiveran dificultades para vender o leite (López, 2015). Un dato preocupante que alimenta esta hipótese é que no período 2012-2014 Galicia foi a única da 10 principais rexións produtoras de leite europeas na que non se levou a cabo ningún investimento industrial importante (CNIEL, 2014).

No medio prazo existe o risco de que a principal industria láctea a nivel galego, Lactalis, que está a levar a cabo investimentos importantes noutros lugares, poda optar por reducir a súa presenza no noso territorio. Ante unha redución da presenza de Lactalis, o seu lugar podería ser ocupado por outras empresas de capital español como o caso de CAPSA, cunha importante presenza na recollida do leite en Galicia, mais esta posibilidade fica complicada, posto que estas poden elixir outros destinos máis próximos os lugares de consumo como poden ser Cataluña ou Castela e León. Unha segunda alternativa sería que o lugar deixado vacante polas empresas de capital foráneo fora ocupado por empresas de capital galego existentes, Feiraco e Leite Río. Pero parece utópico, cando menos a curto prazo, pensar que dado o seu reducido

tamaño, só son quen de transformar arredor do 20% do leite producido en Galicia, poidan ocupar o espazo deixado polas empresas de capital foráneo.

Polo tanto nesta situación sería conveniente que foran os propios gandeiros os que intentasen dar un paso ao fronte para transformar a materia prima que producen. É certo que para que isto fóra posible requírese que os gandeiros leven a cabo un esforzo inversor, dado que o nivel de capitalización das cooperativas agrarias hoxe existentes é moi baixo, facendo imposible dar o paso cara transformación do leite producido. Hogano o 25% das explotacións lácteas pertencen a cooperativas agrarias, pero estas limitáanse a facilitar a compra de insumos e a comercialización do leite producido á industria (López, 2015). Se nos fixamos na porcentaxe de leite transformado por parte de cooperativas, esta sitúase no 7% do total do leite producido, sendo o único proxecto de certa entidade o de Feiraco. Esta porcentaxe atópase moi por debaixo da media de leite transformado por cooperativas a nivel nacional 21%, tendo en conta que esta porcentaxe transformada a nivel nacional e comparativamente baixa comparado con outros países europeos, onde o modelo cooperativo é o dominante na transformación do leite (López, 2015).

Gráfico 7. Porcentaxe de leite transformado por cooperativas en 2011.



Fonte: López (2015).

Ante esta situación López (2015) propón como estratexia para industria galega, o mantemento de Galicia como abastecedora de leite envasado do mercado español. Para isto é necesario que a industria sexa competitiva en custes, para o que é importante o aproveitamento de economías de escala vinculadas o tamaño. O mesmo tempo que se manteñen as posición de Galicia como abastecedora do mercado español, débese buscar unha diversificación da produción industrial. Deste xeito débese desenvolver a elaboración de derivados lácteos de maior valor engadido, como

poden ser o queixo, potenciando as vendas no exterior dos queixos das catro DOP existentes en Galicia, iogures, batidos e leite de primeiras marcas que compitan en calidade e non tanto en prezos. Esta vía ten un potencial elevado de crecemento e permitiría aumentar o valor engadido pola industria, mais é necesario para polo en marcha un elevado volume de investimentos, os cales poderían vir dos propios gandeiros, a través de cooperativas lácteas, ou ven por medio de investimentos de capitais, galegos ou foráneos, na industria láctea.

Conclusións e ampliación

Unha vez analizada a importancia do complexo lácteo na economía galega, 1,77% do VEB e máis de 33.000 empregos directos, así como as características tanto do sector produtor como transformador, a conclusión á que chegamos é que este complexo presenta dous problemas fundamentais: a existencia dun modelo produtivo nas explotacións moi dependente das compras de alimentos no exterior e a debilidade da industria transformadora. Nun contexto de liberalización do mercado lácteo europeo, onde existe un exceso de oferta, eses problemas vense acrecentados poñendo en risco o futuro dun dos sectores máis importantes da economía galega, non só pola súa importancia no PIB e no emprego senón pola súa contribución ao equilibrio territorial.

O sistema produtivo das explotacións enfróntase á inestabilidade dos mercados de materias primas mundiais e á tendencia ao encarecemento das mesmas. Isto fai que os custes de produción dos gandeiros galegos, sendo comparativamente baixos no contexto español e europeo, estean por encima dos que poderían lograrse cunha menor dependencia da compra de alimentos para o gando. A solución a este problema pasa polo aumento da base territorial das explotacións lácteas, que en 2013 se limitaba a 225.000 ha. Para levar a cabo isto é fundamental, como indica López (2015), o impulso da mobilidade da terra para que os gandeiros poidan acceder mediante a compra ou arrendamento ás novas superficies que permitan ampliar a base territorial das explotacións. Un obxectivo que se fixa o autor citado é que a superficie controlada polas explotacións lácteas acade as 350.000 ha, mantendo un número de vacas de leite similar ao existente, 350.000. Para conseguir ese aumento da mobilidade da terra non abonda coa vontade dos gandeiros senón que é necesaria a reforma do sistema institucional vixente que regula a propiedade e os usos da terra (López ,2015).

No que se refire á industria láctea, como vimos no apartado 3, en contraste co sólido sector produtor existente na nosa Comunidade a industria presenta unha situación de debilidade. Así, mentres que Galicia aporta o 40% da produción láctea española, a industria só representa o 16% das vendas, o 10% do VEB e o 8 % do emprego desta rama en España. Esa debilidade da industria fai que o peso do complexo lácteo na economía galega sexa inferior ao que potencialmente puidera ser, ao quedar Galicia como mera produtora de leite e dos derivados máis simples, sen ser capaz de dar o

salto á obtención de derivados máis complexos que son os que xeran un maior valor engadido. Un síntoma desa debilidade é que a industria radicada na nosa Comunidade non é quen de procesar todo o leite producido en Galicia, de tal modo que ao redor do 30% é exportado en bruto para a súa transformación noutros territorios (López, 2015).

A debilidade da industria láctea ven acompañada nunha especialización en produtos de baixo valor engadido, dado que case dúas terceiras partes da súas vendas correspóndense coas vendas de leite envasado. A este problema de que a fabricación de leite envasado xera escaso valor engadido hai que engadirlle o problema que sobre este produto teñen un gran poder negociador as grandes cadeas de distribución alimentaria. Este poder ven en boa parte de que as marcas de leite pertencentes a estas mesmas cadeas, coñecidas como marcas de distribuidor, acadan na actualidade unha cota de mercado próxima ao 60%, o que fai que o poder negociador das industria no tocante ao leite líquido sexa reducido.

A solución a este problema viría dunha diversificación da produción, para iso Galicia debería asegurarse a posición como subministradora de leite no mercado español, a vez que busca aumentar a cota de mercado de queixos con DOP e outros derivados que compitan en calidade e non tanto en prezos. Outra solución podería vir porque fosen os propios gandeiros os que deran un paso adiante na transformación do leite producido, a través de cooperativas, elaborando con el produtos con elevado valor engadido que teñan demanda en determinados nichos de mercado (López, 2015).

No que respecta aqueles obxectivos prantexados inicialmente e que non foron desenvolvidos pola limitación existente no que respecta o espazo dispoñible debemos destacar dous. En primeiro lugar o problema da falta de articulación da cadea produtiva, que leva a que as cadeas de distribución teñan un gran poder negociador, impondo prezos a industria e os produtores e en segundo lugar tratar con maior profundidade a viabilidade dunha alternativa cooperativista a industria láctea. Cremos que esta vía ten un gran potencial por explotar dado que a porcentaxe de leite producido en Galicia transformado por cooperativas lácteas é tan só do 7%, fronte ao 21% a nivel español, e porcentaxes moito máis elevadas noutros países do norte de Europa, con preto do 100% do leite producido. Estas dúas cuestións constitúen dúas posibles liñas de ampliación do traballo nun futuro, ademais ámbalas dúas están interrelacionadas, dado que un sector cooperativo forte permitiría unha maior articulación entre gandeiros e industria, o que lle permitiría ter unha posición negociadora máis forte fronte ás grandes cadeas de distribución.

Bibliografía

Barbeito, F., López, C. (2013). *Resultados técnico-económicos das explotacións de vacún de leite en Galicia 2011*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Media Rural.

Bureau van Dijk (2016). Base de datos sabi.

Centre National Interprofesionel de l'Économie Laitiere (CNIEL) (2014). *Dairy investments in Europe in recent years (2012 to June 2014)*. Bruxelas.

Consello Galego da Competencia (2013). *A problemática dos prezos no sector lácteo galego: unha aproximación dende o punto de vista da competencia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Díaz, M.A. (2010). *Perspectivas del sector lácteo tras los últimos movimientos empresariales*. COVAP.

EUROSTAT.

- Agriculture.
- Industry short term indicators .

Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).

- Tasa láctea 2014/2015.

Instituto Galego de Estatística (IGE).

- Marco input-output de Galicia 2005.
- Marco input-output de Galicia 2011.
- Contas económicas de Galicia. Base 2010. Serie 2000-2013.
- Rexistro de gando bovino.

Instituto Nacional de Estadística (INE).

- Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrarias 2003,2005,2007 y 2013.
- Censo Agrario 1999 y 2009.
- Encuesta Industrial de empresas.

López, E. (2014) *“O “ouro branco” de Galiza? Estratexias de futuro para o complexo lácteo.* Asociación Galega Terra e Leite documento nº 4. (<http://terraeleite.org/documentos/o-ouro-branco-de-galiza-estratexias-de-futuro-para-o-complexo-lacteo/>)

López, E. (2015). *O complexo lácteo galego nun mercado liberalizado. Estratexias e políticas ante a desaparición do sistema de cotas na UE.* Foro Económico de Galicia, documento nº 13. (<http://www.foroeconomicodegalicia.es/informes/documentos/o-complexo-lacteo-galego-nun-mercado-liberalizado/>)

López, E., Sineiro, F., Valdês, B., Santiso, X. , Rodriguez, F. (2004). *Análise do impacto en Galicia da reforma intermedia da pac e avaliación das diferentes opcións para a súa aplicación.* Santiago de Compostela: IDEGA.

MERCASA (2015). *Alimentación en España 2015. Producción, Industria, Distribución y Consumo.* Madrid: MERCASA- Distribución y Consumo.

Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (MAGRAMA).

- Encuesta industrial de industrias lácteas. (Estadística láctea anual y estadística lácteas mensual).
- Informes económicos anuales de la Industria alimentaria.

O’Shaughnessy, C. (2013). *Estudio básico sobre los subsectores de la industria alimentaria y resumen de resultados nacionales e internacionales.* Green Foods.

Ramos, P., Turnes, X. (2014). *Sector lácteo galego: Algo sobre sindicatos e cooperativas, un pouco máis sobre a industria láctea .* Asociación Galega Terra e Leite, documento nº 6. (<http://terraeleite.org/documentos/sector-lacteo-galego-algo-sobre-sindicatos-e-cooperativas-un-pouco-mais-sobre-a-industria-lactea/>)

Sineiro, F., Lorenzana, R., Vázquez, I. (2012). Situación actual y cambios previstos en la estructura y en el sistema productivo de las explotaciones de leche en Galicia. *Pastos*, 42(1) pp 67-92.

Sineiro, F., Vázquez, I. (2014). *A produción de leite en Galicia nunha Europa sen cotas.* XII Xornadas SERAGRO.

Unións Agrarias (2010). *50 años de Política Agraria Común, Historia, Evolución y Futuro de la PAC.*